

## **ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E/OU TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR – Novembro 2022.**

### CIRCULAR INFORMATIVA.

1

Ao abeiro do *Decreto 92/1988, do 28 de abril*, do *Decreto 324/1996, do 26 de xullo* e a *Resolución do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos*, o vindeiro xoves 24 de novembro de 2022, en horario de 18:00 a 20:00 horas, celebrarase neste Centro a votación para a elección de representantes de pais/nais/titores/as legais do alumnado no Consello Escolar deste IES. Para participar na devandita votación, procederase da seguinte maneira:

a) **QUEN PODE VOTAR.**

Teñen dereito a votar todos os pais/nais/titores/as legais do alumnado matriculado no Centro, que figure no Censo, exposto no taboleiro de anuncios no hall do Centro, que a tal efecto aprobou a Xunta Electoral e tras a súa exposición regulamentaria. Tal dereito corresponde indistintamente ao pai ou titor legal e á nai ou titora legal, podendo votar ambos os dous.

b) **MODO DE EMITIR O VOTO.**

- a. O voto será directo, secreto e non delegable.
- b. Os modelos de papeletas da votación serán obrigatoriamente os previamente fixados pola Xunta Electoral, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación.
- c. Na devanditas papeletas figurarán os nomes dos/as candidatos/as, por orde alfabética de apelidos, e cada elector/a deberá marcar cunha cruz un máximo de UN (1) nome dos candidatos/as relacionados/as.
- d. Débese acreditar a súa personalidade do elector/a no momento de votar, mediante a exhibición do DNI ou documentación similar.
- e. Rematada a votación, procederase ao escrutinio dos votos, que será público e, una vez realizado, levantarase a correspondente acta.

A Dirección deste IES anima a todos os pais, nais e titores/as legais do alumnado a que participen na votación do vindeiro xoves 24 de novembro de 2022, coma una forma máis de colaboración na organización do Centro, a fin de acadar a máxima representatividade posible de pais/nais/titores/as legais do alumnado no Consello escolar.

Tui, 09 de novembro de 2022.

O director

Asdo.: Fernando A. Pérez-Lozao Rguez.